

10- TEMAS TRANSVERSAIS

Unha das vertentes dos obxectivos xerais da área é o desenvolvemento do pensamento crítico do individuo que adquirirá a súa verdadeira dimensión se o contextualizamos na realidade da sociedade galega. Así pois centraremos os temas transversais primarios nuns obxectivos básicos para desenvolver no 1º e no 2º ciclo da nosa área.

Queremos incidir, dado o carácter instrumental da área, na inclusión da "Educación para o uso non sexista da lingua"

1 - Educación para o uso non sexista da lingua.

- Obxectivo 1º e 2º de ESO:

- Detectar trazos sexistas da lingua e iniciar a resolución mediante formas adecuadas.

- Obxectivo 3º e 4º de ESO:

- Detectar trazos sexistas da lingua e resolver mediante formas adecuadas.

2- Educación ambiental

- Obxectivo 1º e 2º de ESO:

- Fomentar o apego á terra (sentir a terra) e o respecto ao medio ambiente.

- Obxectivo 3º e 4º de ESO:

- Reflexionar sobre actitudes de rexeitamento da terra e sobre problemas medioambientais contemplando posibles solucións.

3 - Educación para a igualdade.

- Obxectivo 1º e 2º de ESO:

- Adquirir un concepto de paz na dimensión de ausencia de violencia provocada por algún tipo de discriminación social, con especial atención ás de tipo lingüístico e cultural.

- Obxectivo 3º e 4º de ESO:

- Tomar conciencia das situacións de conflito provocadas por situacións de desigualdade e discriminación -con especial atención ás de tipo lingüístico e cultural-, e reflexionando sobre as causas e sendo capaz de tomar decisións para solucionarlas.

4- Educación na sexualidade e na saúde.

- Obxectivo 1º e 2º de ESO:

- Coñecer e interiorizar as normas básicas para a saúde física e non física, recoñecendo criticamente situacións e conductas que poidan implicar perigos e riscos para a persoa.

- Obxectivo 3º e 4º de ESO:

- Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais, e a utilizar unha linguaxe adecuada e respectuosa.

5- Educación vial.

- Obxectivo 1º e 2º de ESO

- Tomar conciencia de que o tránsito constitúe unha situación de relación e convivencia regulada por signos, sinais e normas.

- Obxectivo 3º e 4º de ESO:

Analizar criticamente as mensaxes verbais e icónicas de propaganda e publicidade directamente relacionadas con vehículos.